


A

ANEXOS




A.1. **TERMINOLOXÍA**

A.2. **ESTADÍSTICAS EUROPEAS**

A.3. **INCENDIOS FORESTAIS**

A.4. **MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN:
CONSORCIOS E CONVENIOS**

A.5. **ACTIVIDADES DE FORMACIÓN AGRARIA**



A.1.

TERMINOLOXÍA

A presentación dos principais conceptos que nos permiten comprender mellor este informe estrutúrase en cinco grandes partes: A primeira delas fai referencia a unha serie de conceptos utilizados na parte do informe dedicado a recolle-las principais características do medio rural agrario galego.

Posteriormente, preséntanse os principais conceptos relacionados cos subsectores agrogandeiro e forestal, para finalizar con dous apartados onde se reflicten os principais conceptos relacionados coa análise input-output e as estatísticas medioambientais.

Aspectos xerais

Cofinanciación: O Regulamento (CE) nº 1260/1999 do Consello de 21 de xuño de 1999, polo que se establecen disposicións xerais sobre os Fondos Estructurais, dedica a súa parte terceira á “Participación e xestión financeira dos Fondos”. No concerne á modulación dis tipos de participación (art. 29) esta “non poderá excede-los límites seguintes:

a) un máximo do 75% do custo total subvencionable e, como regra xeral, un mínimo do 50% dos gastos públicos subvencionables, para as medidas aplicadas nas rexións do obxectivo 1. No caso de que estas rexións pertencen a un Estado membro beneficiario do Fondo de Cohesión, a participación comunitaria poderá ascender, en casos excepcionais debidamente xustificadas, ó 80% como máximo do custo total subvencionable e a un máximo do 85% dese mesmo custo nas rexións ultraperiféricas e nas illas periféricas gregas que se atopan en desvantaxe por mor da distancia;

b) un máximo do 50% do custo total subvencionable e, por regra xeral, un mínimo do 25% dos gastos públicos subvencionables, para as medidas aplicadas nas rexións do obxectivo 2 ou 3.

No caso dos investimentos en empresas, a participación dos Fondos respectarán os límites de intensidade da axuda e de acumulación establecidos para as axudas estatais”.

Cota de mercado: índice que reflicte a capacidade de consumo comparativa mediante un modelo equivalente a un termo medio de números índices de seis variables (poboación, número de teléfonos, automóbiles, camiões, oficinas bancarias, e actividades comerciais polo miúdo). Estes números índices expresan a participación (en tantos por 100.000) sobre o unha base nacional de 100.000 unidades.

A cota de mercado constitúe unha orientación adecuada para valorar e ponderar a cantidade de produtos e servizos que, teoricamente e en igualdade de condicións, poden absorbe-los distintos municipios, especialmente cando se trata de produtos ou servizos que son obxecto dunha distribución homoxénea.

Índice actividade económica: Índice comparativo da actividade económica municipal en 2000. Obtense en función do imposto correspondente ó total de actividades económicas empresariais (industriais, comerciais e de servizos) e profesionais.

O valor do índice expresa a participación da activida-

de económica (en tanto por 100.000) de cada municipio sobre unha base nacional de 100.000 unidades equivalente ó total do imposto de actividades económicas empresariais e profesionais.

O índice de actividade económica está en xeral correlacionado coa cota de mercado. É dicir, soe existir bastante correlación entre a capacidade de compra e os impostos correspondentes ás actividades económicas empresariais e profesionais.

Índice comercial: Índice comparativo da importancia do comercio (comercio por xunto e polo miúdo) de cada municipio, referido a 2000. Este índice elabórase en función do imposto de actividades económicas (IAE) correspondente ás actividades do comercio por xunto e polo miúdo conxuntamente. O valor do índice reflicte o peso relativo (en tanto por cen mil) da actividade comercial municipal respecto ó total de España, con base: total euros de recadación de impostos en España = 100.000 unidades.

Índice industrial: Índice comparativo da importancia da industria (incluída a construción) de cada municipio, referido a 2000. Este índice elabórase en función do imposto de actividades económicas (IAE) correspondente ás actividades industriais. O valor do índice reflicte o peso relativo (en tanto por cen mil) da industria dun municipio, provincia ou comunidade autónoma respecto ó total de España, con base: total euros de recadación de impostos (IAE) en España = 100.000 unidades.

Índice de restauración e bares: Índice comparativo da importancia da restauración e bares (restaurantes, cafeterías, bares, etc.) de cada municipio, referido a 2000. Este índice elabórase en función do imposto de actividades económicas (IAE) correspondente ás actividades de restauración e bares. O valor do índice reflicte o peso relativo (en tanto por cen mil) da actividade de restauración e bares dun municipio, provincia ou comunidade autónoma respecto ó total de España, con base: total euros de recadación de impostos en España = 100.000 unidades.

Índice turístico: Índice comparativo de la importancia turística de cada municipio, referido a 2000. Obtense en función da cota o imposto de actividades económicas, o cal se basea á súa vez na categoría dos establecementos turísticos, número de habitacións e ocupación anual (todo o ano ou parte do ano); por o que constitúe practicamente un indicador da oferta turística.

O valor do índice indica a participación (en tanto por 100.000) que corresponde a cada municipio sobre unha base nacional de 100.000 unidades (total euros recadación impostos = 100.000).

Medio rural: A delimitación do medio rural galego é algo que non resulta doado de facer na práctica por mor, dunha banda, da non existencia dun consenso a cerca da definición do concepto de "rural", e doutra, da realidade do propio territorio galego.

Segundo a OCDE, o parámetro para diferencia-las zonas urbanas das rurais é densidade de poboación. Considérase rural todas aquelas zonas que presentan unha densidade poboacional inferior ós 100 habitantes por quilómetro cadrado.

A UE, no Regulamento (CE) nº 1260/1999 do Consello, polo que se establecen disposicións xerais sobre os Fondos Estructurais, considera catro parámetros en base ós que poder catalogar unha zona como zona rural en declive. Estes catro parámetros son os da densidade poboacional inferior ós 100 habitantes por quilómetro cadrado; unha porcentaxe de emprego agrario superior ou igual ó dobre da media comunitaria (8,3% no ano 1997); a existencia dunha taxa media de desemprego superior á taxa media existente na comunidade nos últimos tres anos (11%); e un descenso de poboación dende 1985.

O INE emprega o número total de habitantes como parámetro para poder definir unha zona como rural ou urbana. O umbral límite de ruralidade é o municipio de 2000 habitantes. Outros estudos consideran esta mesma variable, pero establecen el límite en 10.000 habitantes.

Medio rural agrario: Ó abeiro deste informe, considérase medio rural agrario o formado por todos aqueles concellos que presentan un peso relativo da poboación ocupada no sector primario (agás pesca) superior ó 15% da poboación ocupada total do concello.

Á hora de selecciona-los concellos pertencentes a este medio rural, tivéronse en conta os datos do "Padrón municipal de habitantes e estatística de poboación 1996. Estructura da poboación".


O subsector agrogandeiro

Actividade agraria: a produción, a cría ou o cultivo de produtos agrarios, con inclusión da colleita, o muxo e a cría de animais de abasto, ou o mantemento da terra en boas condicións agrarias.

Ós efectos da orde do 23 de agosto de 2002, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a utilización de métodos de produción agraria compatibles co ambiente en Galicia, considérase actividade agraria o conxunto de traballos que se requiren para a obtención de produtos agrícolas, gandeiros e forestais.

Agricultor profesional: A persoa física que, sendo titular dunha explotación agraria, obteña, polo menos, o 50% da súa renda total de actividades agrarias ou outras complementarias, sempre e cando a parte de renda procedente directamente da actividade agraria realizada na súa explotación non sexa inferior ó 25% da súa renda total e o tempo de traballo dedicado a actividades agrarias ou complementarias sexa superior á metade do seu tempo de traballo total.

Agricultor a título principal: O agricultor profesio-



Boas prácticas agrarias

Cuestión	Requisito	Normas
Erosión do solo	Protección do solo mediante as medidas oportunas	<ul style="list-style-type: none"> - Cobertura mínima do solo ó longo do inverno nas explotacións e terreos inclinados e cobertura mínima do solo ó longo de todo o ano. - Prácticas agrarias (ángulo de inclinación e lonxitude das pendentes, proximidade dos cursos de auga, dirección e época do arado, etc.) - Restriccións aplicadas ós cultivos en relación coa utilización do terreo, cando proceda - Técnicas de xestión vinculadas con cultivos específicos (viña, oliveira, millo, etc.) - Terrazas de retención - Nivel da tara de terra para determinados cultivos (pataca, remolacha azucreira, etc.)
Materia orgánica do solo	Mante-los niveis de materia orgánica do solo mediante as prácticas de rotación de cultivos e as labores oportunas	<ul style="list-style-type: none"> - Principios e normas en materia de rotación de cultivos, e, no seu caso, en materia de incorporación dos residuos das colleitas - Xestión dos rastrollos, en particular, polo que respecta á súa queima - Normas en materia de renovación dos pastos permanentes
Estructura do solo	Mante-la estrutura do solo mediante a utilización da maquinaria e os niveis da carga adecuados	<ul style="list-style-type: none"> - Utilización da maquinaria adecuada (presión dos pneumáticos, utilización de vías de paso, tipo de actividades agrarias e época en que se desenvolve, etc.) - Determinación de niveis máximos de carga a fin de non dana-la estrutura do solo
Salinización do solo	Aplicar sistemas de irrigación e de xestión dos nutrientes do solo que eviten a salinización dos terreos	<ul style="list-style-type: none"> - Garanti-lo equilibrio entre irrigación, drenaxe e reposición da capa freática - Nas zonas costeiras, irrigación que evite a infiltración de auga de mar nas capas acuíferas subterráneas.
Nivel mínimo de mantemento	Garantir un nivel mínimo de mantemento e evita-lo deterioro dos hábitats	<ul style="list-style-type: none"> - Niveis mínimos de carga gandeira ou réximes apropiados - Protección dos pastos permanentes a través dos principios e normas que restrinxen a modificación do uso asignado ó solo - Mantemento dos límites dos campos e das particularidades topográficas - Prevención da invasión progresiva dos terreos de cultivo polos arbustos.

Fonte: Comisión Europea

nal que obteña, polo menos, o 50% da súa renda da actividade agraria exercida na súa explotación e o seu tempo de traballo dedicado a actividades non relacionadas coa explotación sexa inferior á metade do seu tempo de traballo total.

Agrupación de defensa sanitaria gandeira (ADSG):

A asociación constituída por gandeiros para a elevación do nivel sanitario-zootécnico das súas explotacións mediante o establecemento e execución dos programas de profilaxe, loita contra as enfermidades e mellora das súas condicións hixiénicas que permitan mellora-lo nivel productivo e sanitario dos seus produtos.

Cada ADSG considérase como unha unidade tanto a efectos de desenvolvemento do programa sanitario como das subvencións que lles correspondan.

Axudas directas: Na análise das axudas directas ós produtores, inclúense dentro das axudas directas, os pagos por superficie básica cultivada; pago suplementario en concepto de axuda ó secado; pago suplementario ó trigo duro; axuda ás leguminosas de grao; axuda á produción de

sementes; prima por vaca nutriz; prima adicional por vaca nutriz; prima especial por carne de vacún; prima especial por sacrificio de bovino; prima por extensificación no sector bovino; pagos suplementarios ós produtores de carne de vacún; prima por ovella e cabra; prima suplementaria por ovella e cabra; pago suplementario ós produtores de gando ovino e caprino; prima polos produtos lácteos; pago suplementario ós produtores de leite; pago ós produtores de pataca de fécula 50%; axuda por superficie ó arroz; axudas á renda ós produtores de forraxes desecados; prima suplementaria por gando vacún e ovino en illas e rexións remotas; axuda suplementaria por superficie de proteaxinosas; axuda por superficie ó trigo duro de calidade; axuda por superficie ó arroz; axuda por superficie ós froitos de cáscara; axuda por superficie ós cultivos enerxéticos; pago ós produtores de pataca de fécula.

Axuda única por explotación: Substitúe á maioría das primas outorgadas ó amparo das organizacións comúns de mercado. Está baseada nun importe de referencia que abarcará as axudas ós cultivos herbáceos, a carne de vacún, o leite e os produtos lácteos, a carne de ovino e caprino, as

patacas de fécula, as leguminosas de grao, o arroz, as sementes e os forraxes desecados ó longo do período de referencia de 2000 a 2002.

Boas prácticas agrarias: Enténdense como tales as que aplica un agricultor responsable na súa explotación e que inclúen o cumprimento dos requisitos medioambientais obrigatorios e as que foron definidas, expresamente, polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para as actuacións en zonas desfavorecidas (**cadro A.1.**).

Boi: un animal macho capado da especie bovina.

Cabra: toda femia da especie cabrúa que parira polo menos unha vez, ou que teña, como mínimo, un ano o derradeiro día do período de retención.

Cantidades de leite asignadas ou cantidades de referencia individuais: as cantidades de referencia o 1 de abril de cada período de 12 meses.

Cantidades de referencia dispoñibles: as que se atopan a disposición do produtor a 31 de marzo como consecuencia de tódalas transferencias, cesións e asignacións temporais previstas e acontecidas ó longo do período de 12 meses transcorrido.

Carga gandeira: o número de unidades de gando maior (UGM) que soporta por termo medio anualmente unha hectárea de superficie agraria de explotación con aproveitamento gandeiro. A carga defínirase tendo en conta todo o gando de pasto da explotación.

Comprador (leite): empresa ou agrupación que merca leite a produtores, ben para somete-la a unha ou varias das operacións de recollida, envasado, almacenamento, refrixeración e transformación de leite ou produtos lácteos, aínda que o faga por conta de outros, ben para vendela a unha ou varias empresas que traten ou transformen leite e outros produtos lácteos.

Non obstante, tamén considerárase comprador a agrupación de compradores dunha mesma zona xeográfica que efectúe por conta dos seus membros as operacións de xestión administrativa e contable necesarias para o pagamento da taxa.

Encefalopatía esponxiforme bovina (EEB): nome científico dunha enfermidade coñecida coloquialmente como “enfermidade das vacas tolas” e que foi diagnosticada por primeira vez no Reino Unido nos anos 80.

É unha afección dexenerativa do sistema nervioso central dos bovinos incurable, que se caracteriza pola aparición de síntomas nerviosos nos animais adultos, que progresivamente, conclúe coa morte do animal. A enfermidade, que se caracteriza por ter un período de incubación prolongado en torno ós 4 ou 5 anos, está causada por un axente transmisible non convencional que é unha proteína infecciosa denominada “prión”.

Os síntomas desta enfermidade están motivados pola acumulación do prión nas células neuronais, orixinando a morte celular. Unha análise microscópica revela lesións como vacuolas que dan ó tecido nervioso un aspecto de esponxa. A vía de transmisión desta enfermidade coñecida ata a data é a inxestión polos animais de alimentos contaminados co prión. Ademais, a información científica de que se dispón indica que existe un risco de transmisión da nai afectada ós tenreiros nados dela.

Entrega (de leite): calquera entrega de leite, coa exclusión de calquera outros produtos lácteos, a un comprador, tanto se o transporte o leva a cabo o produtor como se o efectúa o comprador, a empresa tratante ou transformadora dos produtos ou un terceiro

Explotación: conxunto de unidades de produción xestionadas polo titular da explotación que se atopen no territorio do Estado español.

Explotación agraria: O conxunto de bens e dereitos organizados empresarialmente polo seu titular no exercicio da actividade agraria, primordialmente con fins de mercado e que constitúe, en si mesma, unha unidade técnico-económica.

Ós efectos da orde do 23 de agosto de 2002, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a utilización de métodos de produción agraria compatibles co ambiente en Galicia, a definición ampliase ó considerarse como explotación agraria os aproveitamentos en común mediante ordenanza de pastos ou regulamentación de utilización xestionados por entidades públicas.


Explotacións agrarias prioritarias: As explotacións agrarias familiares e as asociadas que estean cualificadas como prioritarias, conforme a Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización de explotacións.

Módulo base: É a cantidade que se vai pagar na indemnización compensatoria por hectárea de superficie indemnizable.

Ovella: toda femia da especie ovina que parira polo menos unha vez, ou que teña, como mínimo, un ano o derradeiro día do período de retención.

Parcela agrícola: superficie continua de terreo na que un único titular de explotación realice un único tipo de cultivo.

Considerárase como parcela agrícola a que conteña, pola súa vez, árbores, sempre que o cultivo herbáceo ou os labores de barbeito, no caso de que sexa afectada polo cumprimento do requisito de retirada de terras, poidan ser realizadas en condicións similares ás das parcelas non arbóreas da mesma zona. Neste caso, a superficie que se vai considerar, para efectos de solicitude e concesión das axudas, será a resultante de minora-la superficie ocupada polas árbores.



Productor de carne de ovino e cabrún: o gandeiro individual, persoa física ou xurídica, que asuma de forma permanente os riscos e a organización da cría de, polo menos, dez ovellas e, en todo caso, dez ovellas ou cabras, nas explotacións situadas nas provincias de Ourense e Pontevedra ou nas zonas de montaña das de Lugo e A Coruña, tal como se definen no artigo 18 do Regulamento (CE) 1257/1999, do Consello, do 17 de maio, relativo a axudas ó desenvolvemento rural.

Productor de carne de vacún: o gandeiro, persoa física ou xurídica, ou agrupación destas persoas físicas ou xurídicas, cando a súa explotación se atope no territorio do Estado español e se dedique á cría de animais da especie bovina.

Superficie forraxeira: superficie da explotación dispoñible durante todo o ano natural para a cría de bovinos, ovinos ou cabrúns. Non se contabilizarán nesta superficie:

- As construcións, os bosques, os regos e os camiños.
- As superficies que se empreguen para outros cultivos beneficiarios dun réxime de axuda comunitario ou que se utilicen para cultivos permanentes ou hortícolas.
- As superficies ás que se aplique o réxime de apoio fixado para os produtores de determinados cultivos herbáceos, utilizadas para réxime de axuda para as forraxes desecadas ou obxecto dun programa nacional ou comunitario de retirada de terras.

A superficie forraxeira incluírá as superficies utilizadas en común e as que estean dedicadas a un cultivo mixto, debendo comprender, alomenos, un 50 por cento de terra de pastoreo, cando o solicitante se acolla ó pagamento por extensificación e, neste caso, as superficies dedicadas a cultivos herbáceos non serán consideradas como forraxeiras.

Tamaño medio de explotación: Ó abeiro do Decreto 245/2002, do 24 de xullo, polo que se modifica o Decreto 91/2001, do 19 de abril, polo que se regulan as agrupacións de defensa gandeiras en Galicia, considérase tamaño medio de explotación ó número de reses obtido da división do número de reproductoras, entre o número de explotacións de cada especie existentes na Comunidade Autónoma, determinado anualmente pola Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural a través da dirección xeral con competencias en materia de sanidade animal, de acordo cos rexistros de explotacións da C.A. de Galicia.

Terra de pastoreo: a superficie ocupada por calquera produción vexetal, espontánea ou sementada, que proporciona alimento ó gando vacún ou ovino mediante pastoreo ou de maneira mixta: pastoreo e como forraxe, en verde ou conservado.

Titular de explotación: A persoa física ou xurídica que exerce a actividade agraria, organizando os bens e dereitos integrantes da explotación, con criterios empresariais e asumindo os riscos e responsabilidade civil, social e fiscal que poidan derivarse da xestión da explotación.

Os efectos da Orde do 23 de agosto de 2002, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a utilización de métodos de produción agraria compatibles co ambiente en Galicia, esta definición ampliase ó incluír aquelas entidades públicas de montes de utilización comunal que teñen organizado o seu aproveitamento en común mediante ordenanza de pastos ou regulamento de utilización

Touro: animal macho non capado da especie bovina.

Unidade de Gando Maior (UGM): É a unidade de medida da carga gandeira.

a) os touros, vacas e outros animais da especie bovina de máis de dous anos e os équidos de máis de seis meses: 1,0 UGM

b) Os bovinos de seis meses a dous anos equivalen a 0,6 UGM.

c) Cada animal da especie ovina ou cabrúa equivale a 0,15 UGM.

d) 200 galiñas equivalen a 1,0 UGM

e) No concernente ó gando porcino

- Porca en ciclo cerrado (a nai e a súa descendencia ata o final da ceba): 0,96 UGM

- Porca con leitón ata destete (0-6kg): 0,25 UGM

- Porca con leitóns de ata 20kg: 0,30 UGM

- Porca de reposición: 0,14 UGM

- Leitóns de 6 a 20kg: 0,02 UGM

- Porco de 20 a 50kg: 0,10 UGM

- Porco de 50 a 100kg: 0,14 UGM

- Porco de ceba de 20 a 100kg: 0,12 UGM

- Castizo 0,30 UGM

f) As cargas gandeiras non recollidas adaptaranse ó establecido nas normas técnicas que estean contempladas na regulamentación técnica específica que sexa de aplicación.

Vaca nutriz: a vaca que pertenza a unha raza cárnica ou que proceda dun cruzamento con algunha desas razas e que forme parte dun rabaño que estea destinado á cría de tenreiros para a produción de carne.

Venda de leite: calquera venda ou cesión de leite ou de produtos lácteos que non sexa unha entrega de leite.

Xovenca: o bovino femia a partir de oito meses de idade que non parira.

O subsector forestal

Agrupación forestal: entidade de propietarios legalmente constituída, titular dun conxunto de montes, onde o gando pode pastar indistintamente sobre todos eles e as tradicións de uso así o xustifican.

Aproveitamentos forestais: os madeirables e leñosos, de pastos, froitos, fungos, plantas aromáticas e medicinais, produtos apícolas e os demais produtos característicos dos montes.

Auditor forestal: Persoa cualificada para realizar

A.2.

Primas máximas e tipo e superficie mínima de cultivo

	Prima máxima	Superficie mínima cultivo	Superficie couto
	(en €/ha)	(en ha)	
Herbáceos de secaño	92,32	0,30	8,0
Herbáceos de regadío	135,23	0,30	5,0
Froiteiras de secaño	119,03	0,30	7,6
Froiteiras de pebida	256,03	0,30	4,5
Froiteiras de carabuña e cítricos	364,21	0,30	4,5
Oliveiral	266,85	0,30	1,0
Hortícola ó aire libre	258,44	0,30	2,2
Hortícolas baixo plástico	504,85	0,30	1,0
Víña para vinificación	228,38	0,30	3,5

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural

auditorías de xestión forestal sostible, baixo a dirección dun auditor forestal xefe.

Auditor forestal xefe: Persoa cualificada para dirixir e realizar auditorías de xestión forestal sostible.

Autorización de acto en disposición: acordo adoptado pola comunidade de montes veciñais en man común, conforme o que se establece co solicitante un acto de disposición, en forma de dereito de superficie ou arrendamento, para a realización dos usos e a execución das accións obxecto da solicitude.

Cadea de custodia: proceso polo que a fonte dun produto é verificada. A madeira debe ser seguida dende a súa extracción do monte, seguindo tódolos pasos do proceso de produción, transporte e distribución ata que chega ó consumidor final.

Cambio do uso forestal: toda actuación material ou acto administrativo que faga perder ó monte o seu carácter de tal.

Certificación forestal: procedemento polo que unha terceira parte independente proporciona unha garantía escrita de que a xestión forestal é conforme con criterios de sostenibilidade.

Ciclo: o cultivo, na mesma parcela, de familias e especies vexetais diferentes, independentemente da duración de cada un deles. Se se establece unha cuberta vexetal ou cultivo para a fertilización en verde, considerarase como parte da rotación.

Consortios: negocios xurídicos de carácter administrativo que soen subscribirse entre entidades administrativas en virtude da cal unha das partes propietaria dun monte constitúe un dereito real de voo inscribible no rexistro da propiedade, a favor da Administración, que se compromete a posuí-lo monte, repoboalo e aproveita-lo arborado, reservando ó propietario o dereito a unha participación no calor neto dos produtos que se obteñan.

Convenios: Pódense establecer entre entidades admi-

nistrativas e entidades privadas ou particulares. Formalízanse mediante contratos administrativos subscritos polos que ostenten a titularidade dominical dos terreos e pola Administración.

Os terreos obxecto do convenio quedarán baixo a administración e tutela da Administración que realizará con cargo ó seu presuposto os traballos necesarios, contabilizándose do gasto que orixine a realización deses traballos ata un 50% en concepto de subvención e o resto como anticipo reintegrable.

A parte contabilizada como anticipo reintegrable devengará polo menos como interese o 4% anual para as plantacións realizadas como chopo e eucalipto e o 1% anual para as realizadas con tódalas demais especies.


Os gastos de dirección técnica, os de xestión administrativa e os de gardería serán sufragados pola Administración e non se reflectirán na conta do convenio.

Durante o prazo de vixencia do convenio e ata que teñan lugar a devolución do anticipo, a Administración asumirá a posesión do voo que se cree establecéndose un dereito real de garantía sobre o mesmo inscribible no Rexistro da Propiedade.

Estableceranse por un prazo determinado segundo os termos previsibles para as especies que se deberán utilizar e fixarase con carácter permanente a proporción porcentual en que haberán de distribuírse entre a Administración e o propietario do solo os ingresos do voo creado.

Couto redondo: superficie, fixada por cultivo, nun raio de cinco quilómetros na que, alomenos, o 85% da mesma está incluída no programa agroambiental para o que solicita a axuda. Non obstante o anterior, no caso da agricultura ecolóxica, o couto estará constituído polo cultivo de maior representación e a súa superficie mínima será a establecida para cada cultivo (**cadro A.2.**)

Criterio: Categoría de condición ou proceso co que a xestión forestal sostible pode ser avaliada.



Cultivos forestais: plantacións en terreos forestais ás que se aplica unha silvicultura que procura a máxima produtividade en prazos de aproveitamento curtos.

Desenvolvemento sostible: O feito de satisfacer as necesidades das persoas sen por en entredito a posibilidade de que as xeracións futuras fagan o mesmo (Informe Brundtland).

Directrices rexionais forestais: Instrumento de ordenación da xestión forestal (especies, quendas, sistemas de ordenación, etc.), xeralmente preceptivos para os montes públicos e a concesión de incentivos.

Diversidade biolóxica: Riqueza total específica, taxonómica ou xenética contida na unidade de xestión. Comprende a diversidade intraespecífica, interespecífica e de ecosistemas.

Documento: Escrito aportado polo xestor forestal, no que se determina o procedemento para levar a cabo as actividades que dan cumprimento ós obxectivos.

Ecotono: Tramo de vexetación de tamaño, forma e carácter variable mantida ou xestionada nas zonas de transición entre diferentes propiedades, hábitats ou usos do solo.

Entidade de certificación forestal: Terceira parte independente que avalía e certifica o Sistema de Xestión Forestal con respecto ás normas UNE de Xestión Forestal Sostible vixentes e conforme ó sistema español de certificación forestal paneuropeo.

Espacio protexido: Área legalmente declarada como tal e xestionada dende os aspectos da conservación e mellora dos ecosistemas de alto valor ecolóxico que alberga.

Especie forestal: especie arbórea, arbustiva, de matorral ou herbácea que non é característica do cultivo agrícola.

Especie significativa: Especie presente na unidade de xestión que salienta pola súa abundancia, rareza ou endemidade, ou por estar incluída en catálogos de especies ameazadas ou a protexer.

Estado de nutrientes: Medida do grado no que os requirimentos nutritivos dun organismo son satisfeitos baixo un determinado conxunto de condicións.

Fonte de información: Dato de partida do que se serve o xestor forestal para a elaboración dos documentos.

Forestación: repoboación, mediante sementa ou plantación, dun terreo que era agrícola ou estaba dedicado a outros usos non forestais.

Forestal: todo aquilo relativo ós montes.

Hábitat singular: Superficie da unidade de xestión, normalmente de pequena extensión, que é especial por posuír características naturais que merecen ser preservadas.

Indicador: Parámetro cuantitativo, descritivo ou mixto que ó quedar suxeito a seguimento de forma periódica amosa o sentido do cambio. Un indicador describe o contido do criterio de forma obxectiva e non ambigua.

Incendio forestal: o lume que se estende sen control sobre combustibles forestais situados no monte.

Instrumentos de xestión forestal: baixo esta denominación inclúense os proxectos de ordenación de montes, plans dasocráticos ou outras figuras equivalentes.

Inventario: Levantamento estatístico matematicamente fiable das variables forestais da unidade de xestión.

Monte: todo terreo no que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matorral ou herbáceas, sexa espontaneamente ou procedan de sementa ou plantación, que cumpran ou podan cumprir funcións ecolóxicas, protectoras, productoras, paisaxísticas ou recreativas.

Teñen tamén a consideración de monte:

a) os terreos ermos, roqueiros e areais interiores.

b) as infraestructuras destinadas ó servizo do monte emprazadas nel.

c) os terreos agrícolas abandonados que cumpran as condicións que determine a C. A. e sempre que o prazo de abandono non sexa inferior a cinco anos.

d) Todo terreo que, sen reuni-las características descritas anteriormente, se adscriba á finalidade de ser repoboado ou transformado ó uso forestal, de conformidade coa normativa aplicable.

Pola contra, non se considera monte os terreos destinados ó cultivo agrícola, os solos urbanos e aqueloutras que exclúa a Comunidade Autónoma na súa normativa urbanística.

Monte natural: Aquel que presenta unha dinámica natural en canto á súa composición de especies, existencia de pés mortos, estrutura de clases de idade e procesos de rexeneración, que ademais ten unha superficie o suficientemente grande como para que se manteñan as súas características naturais e no que non se coñece intervención humana significativa ou onde se a houbo, foi hai o suficiente tempo como para permitir que a composición natural de especies e procesos se restablecera.

Monte ordenado: o que dispón de instrumento de xestión forestal vixente.

Monte protector: Monte declarado como tal, sendo a súa función predominante a da protección do solo e do ciclo hídrico, así como a prevención de aludes, con independencia da súa titularidade. A súa xestión e cambio de uso está intervida legalmente.

Monte seminatural: Formación forestal que non é nin monte natural nin plantación forestal.

Montes veciñais en man común: aqueles montes que, con independencia da súa orixe, posibilidades produc-

tivas, aproveitamento actual e vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e veñan sendo aproveitados consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños, e que así estean clasificados como tales pola Lei 13/1989, do 10 de outubro, e a normativa de desenvolvemento.

Plan dasocrático: Proxecto de ordenación de montes que, pola súa singularidade –pequena extensión; funcións preferentes distintas ás de produción de madeira; masas inmaduras (sen arborado en idade de corta), etc.– precisan unha regulación máis sinxela da xestión dos seus recursos madeirables. En consonancia, o inventario forestal poderá ser máis simplificado, se ben será necesario que incorpore información sobre densidades en número de pes e áreas básicas, no caso de montes arborados.

Plan de xestión: Conxunto de documentos que recollen as directrices da xestión nas actividades da mesma sobre as que o xestor ten control. Como plan de xestión entenderanse: Proxectos de ordenación, Plans técnicos de xestión, Plans simples de xestión, Plans dasocráticos da unidade de xestión ou análogos, acordados coa lexislación vixente, todos eles aprobados pola administración competente ou alternativamente visados por colexios profesionais forestais (Enxeñeiros de Montes e Enxeñeiros Técnicos Forestais). No caso de que a unidade de xestión englobe a máis dun plan de xestión, elaborárase un documento marco que establecerá con claridade a relación de responsabilidades.

Plantación forestal: Formación forestal establecida por semente ou plantación no marco de procesos de forestación ou reforestación. Será, ben

- de especies introducidas, ou
- de especies autóctonas intensamente xestionada que reúna as características seguintes: formada por unha ou dúas especies coetáneas e espallamento regular.

Exclúese a formación forestal que non fora sometida a xestión intensiva durante un período significativo de tempo.

Proxecto de ordenación de montes: Documento que sintetiza a organización no tempo e o espazo da utilización sostible dos recursos forestais nun monte ou grupo de montes, para o cal debe incluír unha descrición pormenorizada do terreo forestal nos seus aspectos ecolóxicos, legais e socioeconómicos e, en particular, un inventario forestal cun nivel de detalle tal que permita a toma de decisións en canto á silvicultura a aplicar en cada unha das unidades do monte e á estimación precisa das súas rendas.

Reforestación: reintegración de especies forestais, mediante semente ou plantación, en terreos que estiveron poboados forestalmente ata épocas recentes, pero que quedaron rasos por mor de talas, incendios, vendavais, pragas ou enfermidades.

Regulamento de certificación: Conxunto de regras de funcionamento e de xestión nas que se basea a avaliación que permite a emisión dun certificado, o seu posterior mantemento e renovación.

Repoboación: introducción de especies forestais nun terreo mediante semente ou plantación. Pode ser forestación ou reforestación.

Rexistro: Evidencia do parámetro, documental ou doutro tipo, que constata o grado de cumprimento do obxectivo correspondente.

Silvicultura: conxunto de técnicas que tratan da conservación, mellora, aproveitamento e rexeneración, ou no seu caso reconstrución, das masas forestais.

Sinalamento: acto de marca-las árbores que foron seleccionados conforme a criterios técnicos para o seu apeo e posterior aproveitamento.

Taxa de crecemento: Medida da variación dos valores dasocráticos altura, diámetro, volume, etc., referido a un período determinado de tempo.

Titulación: Estudos de carácter universitario incluídos no catálogo nacional de títulos e polo tanto con validez en todo o territorio nacional, así como outras titulacións universitarias estranxeiras homologadas.

Unidade de xestión: Superficie que é obxecto dunha xestión forestal sostible.

Unidade mínima de cultivo agroambiental (UMCA): A referencia para determinar a superficie agroambiental a partir da cal os custos totais unitarios tenden a diminuír conforme aumenta o número de hectáreas cultivadas. A superficie agraria da UMCA será de 20ha para efectos de calcula-lo importe da prima de cada medida e/ou submedida, agás para a apicultura ecolóxica, que será de 25ha e para a apicultura para a mellora da biodiversidade en zonas fráxiles, que será de 300ha.

Uso múltiple; multifuncionalidade: Triple papel que cumpren os montes: protección, produción e uso social. Na súa determinación para unha unidade de xestión débese defini-la simultaneidade e secuencialidade, a asignación de prioridades ou usos dominantes, a relación entre usos e a reversibilidade dos mesmos.

Valoración económica global do medio forestal: Nesta definición preséntase a metodoloxía seguida para a valoración integral do medio forestal, con independencia de que os bens que este produce teñan prezo de mercado ou non. Para iso, empréganse técnicas de valoración ambiental (métodos do custo da viaxe, valoración continxente e custos evitados-inducidos), e máis en consecuencia os resultados obtidos débense entender como un valor social, que cuantifica as preferencias da sociedade no seu conxunto, e non como un valor venal.

Teoría do valor e método de valoración

Método	Elementos	Aspectos	Total
Valor finalista de capitalización	Madeira Pastos Caza Cortiza Froitos	Productivo	
Custos evitados-inducidos	Carbono	Ambiental	Valor económico total
Valoración continxente	Non-uso Paisaxe		
Custo da viaxe	Áreas de lecer	Recreativo	

Fonte: *Consellería de Medio Ambiente*, *O monte galego en cifras*

En ningún caso se trata de estima-lo prezo dos diferentes ecosistemas.

De forma global, cada un dos elementos valorouse capitalizando un fluxo infinito de renda iguais ás estimadas polo método utilizado en cada caso. As rendas futuras son iguais á presenta e infinitas porque se asume a persistencia do activo natural no estado actual (renda sostible). A taxa de desconto empregada é do tipo STPR (*Social Time Preference Rate*), que recolle as preferencias temporais da comunidade que valora. Tomouse o 2% anual de acordo coas últimas aplicacións no contorno da UE.

Cómpre salientar que á hora da valoracións consideráronse aquelas zonas que contiñan algunha porción de superficie designada como forestal segundo o mapa de usos e estratos do terceiro inventario forestal nacional.

Hai que enfatizar que incluso no caso dos bens agrupados no aspecto productivo (bens con prezo) non se establece o valor total destes, senón o valor da súa explotación potencial sostible.

O **cadro A.3.** reflicte os elementos e os aspectos en que estes se agrupan para obte-lo valor económico total, así como os catro métodos empregados na súa valoración. Os catro métodos empregados son:

- Valor finalista de capitalización: o valor dun activo determínase capitalizando as rendas que este xera mediante unha taxa social.

- Custos evitados-inducidos: o deterioro/mellora da calidade ambiental valórase polo custo/aforro que supón a variación da súa protección. A variable que serve de referencia é o custo incorrido/evitado para mante-lo nivel de calidade anterior ó cambio.

- Valoración continxente: determina a disposición ó pago manifestada pola sociedade para garanti-la persistencia dos seus ecosistemas preguntando directamente ós cidadáns.

- Custo da viaxe: este método permite inferi-la disposición a pagar por acceder a un lugar a partir dos custos de desprazamento en que incorre o visitante. A idea central deste método é que o prezo que está disposto a pagar unha persoa por acceder a un área recreativa é, como mínimo, a

suma dos custos que lle provoca a viaxe mesma. Deste xeito, valoráronse a totalidade de áreas que aparecen nos catálogos provinciais, usando perfís de visitantes xenéricos en función das características recreativas de cada provincia e estimacións anuais de afluencia ás mesmas.

No concernente ás rendas dos elementos:

- Madeira: é produto do incremento anual de volume con cortiza das especies de madeira comercial (segundo lista de especies recollidas como comerciais nos anuarios de estatística agraria dos últimos sete anos publicados –1990-1997- para a primeira provincia) polo PVP que figura neses anuarios, axustado en cada estrato segundo idade do arborado e en cada cela segundo a aptitude da mesma para a explotación madeireira.

Os factores que se consideraron como modificacións desa aptitude e a porcentaxe máxima de variación da renda debido a eles son: pendente (15%), altitude (5%) e proximidade de vías de comunicación (8,5%), pois condicionan os custos de extracción; orientación (2,5%), xa que afecta á calidade tecnolóxica da madeira; presenza de danos ou enfermidades no arborado (25%), porque diminúe a cantidade e/ou calidade da madeira obtida; e existencia de cortas ou tratamentos silvícolas nas masas (12,5%), porque son un indicador claro de aproveitamento rendible nesa localización.

- Pastos: renda xerada a partir da biomasa total de cada cela (determinada pola produtividade potencial forestal), da que se descontará a biomasa de madeira, pólas, ramallos e outras partes non palatables polo gando, e axustada coa carga gandeira que está soportando realmente a provincia.

- Caza: renda obtida distribuindo en cada estrato, en funcións das súas características cinexéticas, os datos referentes ó número das especies cazadas, valoradas ó prezo de mercado das mesmas.

- Froitos e cortiza: renda procedente do reparto, entre os distintos produtores, da produción de cada un destes froitos (piñón e castaña) e cortiza, valorados ó prezo do produto en monte. A distribución realizouse de forma proporcional ó número de pes maiores da especie productora existentes en cada un deles.

- Carbono: a súa fixación valórase como o custo de reforestación evitado para producir unha fixación equivalen-

te á que produce a biomasa existente. Tomouse como prezo de fixar permanentemente unha tonelada métrica de anhídrido carbónico mediante unha repoboación forestal, o dato usado internacionalmente de 8,50\$USA/t. Só valorouse a fixación do carbono nos ecosistemas arborados, pois non se dispón dun modelo apropiado que permita valora-los estratos non arborados.

- Non-uso: a disposición ó pago media de non-uso obtida mediante a valoración continxente multiplícase polo número de adultos, procedendo posteriormente ó reparto desta renda en cada cela en función da calidade ambiental da mesma. A calidade ambiental dunha cela estimouse cun índice que ten en conta o uso do terreo, composición e nivel de madurez da vexetación, singularidade do hábitat, perigo de erosión da zona e pertenza a algunha figura de protección especial ou hábitat de interese.

- Paisaxe: as persoas que saen frecuentemente ó campo internalizan na súa disposición ó pago a satisfacción que lles produce o uso dos ecosistemas. Tomouse como renda atribuíble á paisaxe esa disposición ó pago internalizada polo uso do ecosistema, procedendo posteriormente a repartila en cada cela en función dun índice que estime a súa calidade paisaxística. Os factores a ter en conta na elaboración deste índice son o uso do terreo, o tipo de vexetación existente (singularidade e composición), a topografía, a naturalidade (ausencia de elementos artificiais ó medio como estradas e outras vías, zonas urbanas, etc.) e a presenza de ríos, lagos, lagoas, humidaís, costa ou outros factores que fomenten o atractivo paisaxístico da zona.

- Áreas de lecer: a renda xerada pode estimarse coñecendo o número de persoas que a visitan e o perfil dos seus visitantes (procedencia, distancia percorrida ata chegar á área, medio de transporte, tempo de estancia na área, etc.).

Xestión: o conxunto de actividades de índole técnica e material relativas á conservación, mellora e aproveitamento do monte.

Xestión forestal sostible: a organización, administración e uso dos montes de forma e intensidade que permita manter a súa biodiversidade, produtividade, vitalidade, potencialidade e capacidade de rexeneración, para atender, agora e no futuro, as funcións ecolóxicas, económicas e sociais relevantes a escala local, nacional e global, e sen producir danos a outros ecosistemas (Conferencia Ministerial Helsinki, 1993).

Xestor forestal: Persoa física ou xurídica responsable das operacións de xestión do recurso e da empresa forestal, así como do sistema e estrutura da xestión, da planificación e dos traballos de campo.

Análise táboa input-output

Análise táboa input-output: A técnica das táboas input-output ten como punto básico de partida a consideración de que as distintas partes da Economía están interrelacionadas. Deste xeito, a economía pode dividirse nunha serie de unidades cada unha das cales produce un output e demanda uns inputs a outras unidades productivas. Estas unidades

deben ser agrupadas en sectores ou ramas de produción o máis homoxéneas posible, para o que se deben de cumprir tres supostos ou condicións implícitas:

- Que a estrutura tecnolóxica de tódolos axentes económicos incluídos nun mesmo sector sexa idéntica.
- Que os produtos fabricados polas unidades dun mesmo sector sexan substituíbles entre si.
- Que os produtos elaborados por sectores distintos non sexan substituíbles entre si.

Esta técnica, instrumentada nunha táboa de dobre entrada que recolla as conexións entre os diferentes sectores dunha economía, descansa na hipótese de proporcionalidade, que supón que todo incremento na cantidade de produto obtido esixe un incremento proporcional na cantidade de factor utilizado: esta proporcionalidade virá dada polos coeficientes técnicos de produción.

Táboa de inputs primarios: presenta os consumos primarios de cada subsector considerados necesarios para a súa produción. Na táboa represéntanse as retribucións a cada factor de produción que intervéñen na actividade económica, isto é, ó traballo e ó capital, xunto coa incidencia do Estado a través da súa actividade, xa impositiva ou de apoio, sobre a produción. Os elementos a considerar son os seguintes:

- Soldos e salarios brutos: Comprende toda clase de remuneracións, monetarias e en especie, satisfeitas ós asalariados, incluídas as taxas da Seguridade Social a cargo dos traballadores así como os impostos sobre o rendemento do traballo persoal retidos polas empresas.

- Cotizacións sociais a cargo do empregador: Este concepto inclúe as cargas sociais reais satisfeitas polos empregadores e as cotizacións sociais ficticias.

- Excedente bruto de explotación: Entendido como excedente empresarial descontado ou consumo de capital fixo, representa o resultado da actividade do subsector durante o período considerado.

- Consumo de capital fixo: Comprende o valor contable da depreciación experimentada polo capital fixo durante o período considerado, como consecuencia do seu uso normal, e a obsolescencia previsible.

- Valor engadido bruto a custo de factores: Valora a contribución do factores primarios (capital e traballo) ó proceso productivo.

- Impostos ligados á produción excluído o IVE: Comprende tódolos impostos e taxas que gravan a actividade productiva ou o consumo de determinados bens e que sexan distintos do IVE.

- Subvencións de explotación: Recolle as transferencias correntes que as Administracións Públicas ou institucións comunitarias europeas entregan ás unidades de produción ca fin de influír no prezos e/ou permitir unha remuneración suficiente ós factores de produción.

- Valor engadido bruto a prezos de mercado: Representa o valor novo creado no proceso productivo durante o período considerado.

- Valor da produción efectiva a prezos de saída de fábrica: Defínese como o valor dos bens e servizos producidos por cada subsector.

Substancias contaminantes

Efectos	Substancias contaminantes	
Efecto invernadoiro	CO ₂ CO CH ₄ N ₂ O HFC PFC SF ₆	Dióxido de carbono Monóxido de carbono Metano Monóxido de nitróxeno Compostos hidroxenofluorcarbonados Compostos polifluorcarbonados Hexafluoruro de azufre
Choiva ácida	SO _x NO _x NH ₃	Óxidos de azufre Óxidos de nitróxeno Amoníaco
Deterioro da capa de ozono	HFC PFC SF ₆	Compostos hidroxenofluorcarbonados Compostos polifluorcarbonados Hexafluoruro de azufre
Contaminación fotoquímica	NO _x COVNM	Óxidos de nitróxeno Compostos orgánicos volátiles (exclúense o metano)

Fonte: INE, *Cuentas satélite sobre emisiones atmosféricas. Serie 1995-1998*

– Valor da produción distribuída a prezos de saída de fábrica: Valor dos produtos clasificables de cada subsector independentemente da unidade de produción na que se obtívesen.

– Importacións: Total das importacións de produtos equivalentes que se demandan do resto do Estado español ou do resto do mundo, ben como inputs intermedios, ben como demanda final.

Táboas de inputs e outputs intermedios: recollen as transaccións entre as ramas productivas. Representa o valor dos bens e servizos, agás os considerados de investimento, que as unidades de produción residentes consumen para producir outros bens e servizos, durante o período de referencia e valorados a prezos de saída de fábrica excluído o IVE deducible.

O total de cada input e output intermedio divídese en dúas partidas en función da súa procedencia xeográfica, de Galicia ou de fóra de Galicia

Táboa de demandas finais: recolle as vendas finais das ramas productivas, considerando os seguintes elementos de demanda final:

– O consumo privado interior: Supón a compra en Galicia de bens e servizos para uso das economías domésticas, valorado a prezos de adquisición para os produtos comprados no mercado, incluído o IVE, e a prezos de produción nos demais casos.

